

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 14 DE MAIO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO PEREZ GOMEZ CARMEN MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: BRION SANTAMARIA JUANA MARIA MUÑIZ MUÑIZ ELADIO
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Catorce de Maio do Dous mil vinte e seis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 07/04/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/051

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/05/2026. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MENOR DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE "PROYECTO DE ILUMINACIÓN DE LAS OBRAS DE FÁBRICA DE SALAZÓN PUNTO DE INTERPRETACIÓN DEL PAISAJE EN PUNTA CASTRO" (PSTD-PRTR)"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/077

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/05/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE ASEOS QUÍMICOS PORTÁTEIS E SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO) PARA INSTALAR NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2026”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/085

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/05/2026. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA, CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO LICITADOR “FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.”, PARA RESPONDER DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE “REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E DO PLAN PARCIAL PARA A DELIMITACIÓN E ORDENACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USO INDUSTRIAL””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/095

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/05/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LAS OBRAS REMODELACIÓN DEL FRENT LITORAL DEL PASEO DE LAS CAROLINAS Y ACCESIBILIDAD A LA PLAYA DE COROSO. FINANCIADO POR LA UE-NEXT GENERATION (PSTD-PRTR)”

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/104

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/05/2026. DECRETO: “RESOLUCIÓN E CANCELACIÓN DO ESPECTÁCULO/CONTRATO MENOR PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO DE MAXIA “ACERO 2.0” DO MAGO ORBIT”

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/134

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/05/2026. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO “GRANDES ICONAS” DA ORQUESTRA SONS”



8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/137

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/05/2026. DECRETO: “IMPOSICIÓN DE PENALIDADES CONTRATO “ILUMINACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O PERÍODO 2025/2026””

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202605/143

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/05/2026. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE CHIRINGUITOS DE TEMPADA EN TERREOS MUNICIPAIS PARA DAR SERVIZO AOS USUARIOS DAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA”

10.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Zoila Cahuasqui Anrango

Visto o escrito presentado por **Zoila Cahuasqui Anrango**, de data 06/05/2025 (Rexistro de entrada nº 10.784), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Roupa e xoguetes - 12,00 m/l), durante a celebración da “Festa da Dorna”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **NON AUTORIZAR** a **Zoila Cahuasqui Anrango** para a instalación dun posto de venda ambulante (Roupa e xoguetes - 12,00 m/l), durante a celebración das Festas da Dorna, debido a que non é competencia deste Concello.
 - b) **INFORMAR** á interesada que para a súa instalación deberá poñerse en contacto coa asociación organizadora da “Festa da Dorna” (Asociación Real e Ilustre Cofradía da Dorna), xa que son os encargados de xestionar a instalación de todos os postos que pretendan exercer a súa actividade durante a celebración da festa.
 - c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
-
-



11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8248 09.04.2026 MARIA JOSEFA ROMANO SANTAMARÍA, construción dun peche na entrada da casa, na rúa Curros, nº 16, Castiñeiras.(2026 COMU000127)

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5815 11.03.2026 JESÚS SALGADO SEIJAS, drenaje perimetral para unha vivenda, na rúa Buenos Aires, 17, Corrubedo. (2026 COMU000073)

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27059 10.11.2025 PESCADOS GARCÍA RIVEIRA S.L., adecuación das instalacións de nave existente destinada a almacenamento e procesado de peixe, no porto pesqueiro de Ribeira. (2025 COMU000552)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3325 11.02.2026 ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS ESPAÑOLES, substitución de quiosco ubicado na Avda. Malecón, 16, Ribeira. (2026 COMU000030)



15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8405 12.04.2026 SARA JUSTO OCAMPO, reforma de baño e cociña-sustitución de alicatados, na rúa de Galicia, nº 130, Ribeira. (2026 COMU000130)

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8426 13.04.2026 CARMEN TORRES PEGO, realización de peche, na rúa Sidreiras, nº 19, Ribeira. (2026 COMU000131)

Así mesmo, se lle informa que, segundo o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 11/05/2026, na súa conclusión e proposta indica que:

*“CON REFERENCIA O PLANO DO PXOM A ALINEACIÓN CO FRENTE TEN QUE RETIRAR 4 METROS DENDE O EIXO DA VIA E POLOS LATERAIS NON PRESENTAN VIAIS POLO TANTO PODE IR ATA O MARXEN DA SUA PROPIEDAD.
A ALTURA MAXIMA DA MAIA E DE 2,50 METROS DE ALTO.”*

** Según o Artigo 89: Viario y alienacións..... Alienacións mínimas: Cando no figuren en los planos de ordenación serán las seguintes:*

- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.

- Para vías de tipo II 8 m. o eixo..

- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.

- Para resto de vías 4 m. o eixo.

- Para camiños peonís 2 m. o eixo.

Estas alienacións terán carácter obrigatorio.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6895 24.03.2026 DULCE MARÍA MANEIRO MARTÍNEZ, reparación de cuberta, no rúa Delicias, nº 26, Corrubedo. (2026 COMU000093)



18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9098 20.04.2026 Mª JULIA MANEIRO SUÁREZ, colocación de postes na finca, no lugar de Xeixóns, Carreira. (2026 COMU000153)

Así mesmo, se lle informa que, segundo o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 11/05/2026, na súa conclusión e proposta indica que:

** Según o Artigo 89: Viario y alienacións..... Alienacións mínimas: Cando no figuren en los planos de ordenación serán las seguintes:*

- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.

- Para vías de tipo II 8 m. o eixo..

- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.

- Para resto de vías 4 m. o eixo.

- Para camiños peonís 2 m. o eixo.

Estas alienacións terán carácter obrigatorio.

19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20293 27.08.2025 CARMEN VILA LUACES, pintar fachada e cambio de tellas, no Barrio da Pedriña, 3, Palmeira. (2025 COMU000431)

20.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. PROMOTOR: DARIO CERNADAS FERNÁNDEZ. LUGAR: RÚA BRAÑA MURO, Nº 18, AGUIÑO, RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA**, no lugar de **RÚA BRAÑA MURO, Nº 18, AGUIÑO, RIBERIA**, da que é promotor **D. DARIO CERNADAS FERNÁNDEZ**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 16 de marzo de 2026**, o **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **26 de marzo de 2026** en relación á **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana, o **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo** con sinatura dixital o día **4 de maio de 2026**, así como o



informe do **secretario xeral** da Corporación de data **5 de maio de 2026**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO: - CONCEDER a D. DARIO CERNADAS FERNÁNDEZ LICENZA DE OBRAS (Nº 19/26) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, na Rúa Braña Muro n.º 18, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A02201189, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de marzo de 2026 redactados por D.Sergio Lucio Paniccia Mahieu (arquitecto col. nº 1.451).

-Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.

-Deberá axustarse a todas as determinacións establecidas no informe do arquitecto municipal de data 16 de marzo de 2026

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de eficiencia enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de



medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que



afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

21.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. LUGAR: INSUELA, Nº 15, PALMEIRA, RIBEIRA. PROMOTORA: ÁNGELA BRIÓN GONZÁLEZ

VISTA a solicitude de licenza urbanística -PROXECTO DE EXECUCIÓN- para REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, no lugar de INSUELA, Nº 15, PALMEIRA, RIBEIRA da que é promotora DÑA. ÁNGELA BRIÓN GONZÁLEZ,

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día 6 de maio de 2026.



VISTO o informe emitido polo **técnico de administración xeral** adscrito ao departamento municipal de urbanismo o día **6 de maio de 2026**.

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **8 de maio de 2026**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. ÁNGELA BRIÓN GONZÁLEZ licenza de obra maior - **PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, no lugar de **INSUELA, Nº 15, PALMEIRA, RIBEIRA**, según **proxecto de execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data **8 de xaneiro de 2026** redactado polo arquitecto D.Manuel González González.

-Deberá adaptarse ás demais determinacións establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 6 de maio de 2026.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos



- Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
 - *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
 - *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
 - *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
 - *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
 - *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
 - *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
 - *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

22.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Inversiones Pazo Fernández, S.L.

Visto o escrito presentado por Juan José Pazo Martínez en representación de **Inversiones Pazo Fernández, S.L.**, de data 08/05/2026 (Registro de entrada nº 10.999), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A041000920000KI.



Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 12/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística de dúas parcelas contiguas, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600010999 do día 8 de maio de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística de dúas parcelas.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística de dúas parcelas indicando as súas referencias catastrais.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica as parcelas con referencias catastrais 15074A041000920001LO e 15074A041000920000KI, nos seus planos 8.19. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Axeitos), a escala E:1/2000, e 2.8 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario; con dúas clasificacións de solo diferentes, encontrándose a porción da parcela con referencia catastral 15074A041000920001LO, coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B), artigo 134 do PXOM, e a porción da parcela con referencia catastral 15074A041000920000KI, clasificada coma solo rústico de protección forestal.

En realidade trátase dunha única parcela catastral, con dúas clasificacións diferentes, estando unha fracción da parcela cualificada coma solo de núcleo Rural e unha outra coma Solo rústico

O artigo 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, exime de outorgamento de licenza de segregación cando a división da parcela sexa consecuencia do outorgamento polo planeamento urbanístico de distinta clasificación da parcela de orixe, nos seguintes termos:

“6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

[...] c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.”

O artigo 90 do PXOM, indica que nos casos de parcelas nos que concorran distintas cualificacións ou clasificacións de solo, terase en conta a que corresponda á ubicación do edificio, podendo computarse o resto do solo que presente distinta cualificación, se ben, quedará vinculado ao edificio.

Tendo todo isto en consideración, aos efectos do cumprimento das condicións urbanísticas, deberá tratarse esta parcela coma dúas parcelas independentes,

As condicións destas Ordenanzas son:



- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, S.N.R.B., artigo 134 do PXOM:**

Comprende esta norma as áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación está ocupando ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

ÁMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas se aplicará a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En calquera caso, tratase de ocultar medianeiras, non criando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por cima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías e miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, se autorizan ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a harmonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste último caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outro cor.

- Solo Rústico

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu apartado 35 "Usos e actividades en solo rústico", indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- Muros de contención, así como valado de predios.
- Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.



- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:



- a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
- a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓN S SECTORIAIS

A Parcela non conta con afeccións sectoriais.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela conta con fronte a vía pública definida nos planos do PXOM, e incluída no inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Ribeira, co número 39; tratándose dunha vía tipo III segundo o PXOM de Ribeira, e en consecuencia, as aliñacións das parcelas situaranse a 6 metros do eixe desta vía.

23.- INFORMACIÓ N URBANÍSTICA - J.M. Vidal Pérez e Hijos, S.L.



Visto o escrito presentado por Pablo Vidal Vázquez en representación de **J.M. Vidal Pérez e Hijos, S.L.**, de data 16/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.886), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A043000540000KA.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 11/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600008886 do día 16 de abril de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A043000540000KA, no seu plano 8.38. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Bretal), a escala E:1/2.000 coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B), artigo 134 do PXOM

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, S.N.R.B., artigo 134 do PXOM:**

Comprende esta norma as áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación está ocupando ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación



- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas se aplicará a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En calquera caso, tratase de ocultar medianeiras, non criando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por cima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.



Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías e miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, se autorizan ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a harmonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outro cor.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

24.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Juan José Sieira Valiño

Visto o escrito presentado por **Juan José Sieira Valiño**, de data 17/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.175), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A041000070000KG.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 11/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202500030175 do día 17 de decembro de 2025.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG



- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencias catastral 15074A041000070000KG, no seu plano 8.38. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Bretal), a escala E:1/2.000 coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B), artigo 134 do PXOM

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, S.N.R.B., artigo 134 do PXOM:**

Comprende esta norma as áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación está ocupando ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

ÁMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN



CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.
Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas se aplicará a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En calquera caso, tratase de ocultar medianeiras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por cima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías e miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, se autorizan ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓNS AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.



Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a harmonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outro cor.

5. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS

O interesado fai unha serie de cuestións a este respecto, sendo a primeira delas se é precisa licenza de obras, ou se pode tramitar a autorización mediante o trámite de comunicación previa.

Segundo o artigo 2.2 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de la Edificación, *“Terán a consideración de edificación aos efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:*

a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.”

Segundo o artigo 142.2.a), da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, *“Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que foran procedentes de acordo ca lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos: a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.”*

En consecuencia, as actuacións pretendidas estarán suxeitas a licenza municipal.

A segunda das cuestións é a de se é preciso un proxecto asinado por arquitecto.

Segundo os artigos referidos no apartado anterior, é preciso proxecto de obras, e segundo o apartado 10.2.b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de la Edificación *“Son obrigacións do proxectista:*

a) Estar en posesión da titulación académica e profesional habilitante de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, segundo corresponda, e cumprir as condicións esixibles para o exercicio da profesión.

No caso de persoas xurídicas, designar ao técnico redactor do proxecto que teña a titulación profesional habilitante. Cando o proxecto a realizar teña por obxecto a construción de edificios para os usos indicados no grupo a) do apartado 1 do artigo 2, a titulación académica e profesional habilitante será a de arquitecto”

En consecuencia as actuacións pretendidas requirirán de proxecto técnico redactado por arquitecto.

A terceira consulta é a de que documentación exacta debe achegar.

A documentación precisa para a tramitación da licenza de obras é a seguinte:

- Solicitud de licenza de obras
- Proxecto básico de vivenda redactado por arquitecto
- Certificado de colexiación do arquitecto redactor, ou copia da titulación ou visado colexial que garanta a habilitación do arquitecto redactor do proxecto
- Cuestionario de estatística de edificación e vivenda, asinado polo promotor das obras e o arquitecto redactor do proxecto.
- Autorizacións sectoriais que sexan precisas, en caso de existir algunha
- Oficios de Dirección de Obra, Dirección de execución material das obras e coordinación de seguridade e saúde
- Xustificante de aboamento de taxas e ICIO



- informe favorable da empresa concesionaria Municipal de augas, da suficiencia das redes de evacuación de augas e abastecemento de auga potable e a posibilidade de conexión ás mesmas.
- Cesión gratuíta ao Concello dos terreos precisos para a apertura ou regularización do viario preciso, segundo o indicado nos planos do PXOM e normativa Municipal viaria.

6. SERVIZOS E CONEXIÓNS

En relación a estas cuestións, segundo o indicado no artigo 24.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, *"Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas cercanías. No caso das redes de abastecemento de auga e saneamento, esta conexión só será esixible cando existan redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, autorizadas e con capacidade de servizo suficiente. No caso de que non se esixa a conexión coas redes de servizo, deberán resolverse estas por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación."*

Segundo o artigo 9.1 da Ordenanza municipal de verteduras e do servizo municipal de Saneamento do Concello de Ribeira, *"A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta"*

Segundo información que consta neste Concello, a parcela dispón de rede de abastecemento e Saneamento na fronte da mesma, polo que **será obrigatoria a súa conexión a estas redes.**

7. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela conta con afección sectorial por encontrarse na zona de servidume de protección da vía AC-303, de titularidade autonómica, polo que deberá contar, para as actuacións pretendidas, ca autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Xunta de Galicia.

25.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María del Pilar Vidán Martínez

Visto o escrito presentado por **María del Pilar Vidán Martínez**, de data 07/05/2026 (Rexistro de entrada nº 10.860), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 3541302NH0134S0001FH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 08/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600010860 do día 7 de maio de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM



- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencia catastral 3541302NH0134S0001FH encóntrase clasificada polo PXOM, segundo se recolle no plano 3.2 de Clasificación e Cualificación do Solo e aliñacións en núcleos urbanos, a escala 1/2.000, coma solo Urbano dentro do P.E.R.I. 3 Palmeira, artigo 149 do PXOM..

As condicións desta Ordenanza son:

PERI 3: Palmeira

O ámbito de aplicación delimitase nos plans de ordenación e corresponde a unha zona urbana cunha marcada trama rural, orixinaria do barrio de pescadores, cun parcelario moi aliñado, aliñacións irregulares ao igual ca súa volumetría, e a súa conexión ca trama viaria das zonas circundantes.

Determinacións para o seu desenvolvemento

Usos globais: residencial media densidade.

Edificabilidade: Ordenanza 4

Densidade: 70 vivendas por hectárea

Os estándares resolveranse de acordo co regulamento de planeamento.

Polo tanto dito PERI, terá de resolver a fixación de novas aliñacións, usos, servizos e infraestrutura, mediante o establecemento de ordenanzas reguladora.

Establécese unha ordenanza transitoria mentres non se redacte o Plan Especial.

Ordenanza transitoria

O obxecto da mesma é o conservar a tipoloxía edificatoria e a súa trama parcelaria.

En tanto non se proceda á redacción deste Plan Especial, as condicións de edificación se rexerán pola Ordenanza nº 4 destas normas e as aliñacións serán fixadas polo Concello, previa petición de licenza.

ARTICULO 153: ORDENANZA 4ª- RESIDENCIAL MEDIA, VIVENDA COLECTIVA AGRUPADA

1. Definición e ámbito

Corresponde esta Ordenanza á trama urbana dos barrios orixinarios de Palmeira, Corrubedo e Ribeira, caracterizándose por unhas aliñacións non xeométricas e á tendencia á compactación de mazás.

Preténdese fundamentalmente con esta Ordenanza a conservación da parcela e o tipo de edificación.

1.1. Obras admisibles

- Demolición
- Reforma
- Ampliación
- Nova planta.



1.2. Usos globais

Uso global: Residencial media densidade.

Uso característico pormenorizado: Vivenda colectiva e unifamiliar

Uso admisible: Terciario de Comercio, Oficinas e Hostelería, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira con acceso independente.

1.3. Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria para esta zona é a de vivenda colectiva agrupada. Preténdese conseguir unha edificación integrada no núcleo tradicional existente preservando a imaxe deste. A edificación realizarase en consonancia co carácter do conxunto conservándose os seus elementos singulares e os edificios e elementos catalogados.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 50 m²., non permitíndose a agrupación de parcelas que superen os 200 m².

Fronte mínima: será de 6 metros, cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 metros e que cumpra o resto dos parámetros.

2.2. Condicións de ocupación

Posición, recuados: A liña de edificación exterior coincidirán ca definida nos planos de ordenación, terá en xeral carácter obrigatorio, nos casos nos que non estean definidas con precisión se conservarán as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse melloras para as condicións do espazo público e da edificación das parcelas.

Fondo máximo edificable: Establecese en 14 metros.

2.3. Condicións de Volume

Altura de edificación: Nº de plantas: BAIXO + DÚAS plantas (limitada polo largo da rúa) permitíndose a utilización do baixo cuberta e da planta soto, segundo as normas de edificación.

H. máxima: 9,60 metros.

Altura coroación: 4 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie no caso da fachada marítima exixírase o 80%.

A dimensión dos voos serán as fixadas nas normas xerais de edificación, permitíndose estas a unha altura de 3,5 metros.

Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm. e cumprirán as mesmas condicións de separación, respectando as medianeiras e as galerías.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de cornisas e aleiros será de 0,40 metros.

2.5. Condicións ambientais y estéticas

Os edificios quedarán integrados na unidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Adoptaranse solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar, excepto tipo split.

Na carpintería exterior do edificio se poderán utilizar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coloreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.



Cubertas, materiais: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando como material de cobertura tella cerámica curva.

Composición de fachadas - ocos: Con respecto á fachada as novas edificacións manterán o ritmo e a forma das actuais.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntranse dentro do ámbito de protección de varios elementos catalogados, e polo tanto calquera actuación estará suxeita á autorización previa de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a parcela encóntrase dentro de zona de servidume de protección do Dominio Público Marítimo Terrestre, e polo tanto calquera actuación estará suxeita á autorización previa do Servizo do Litoral da Xunta de Galicia.

26.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María Soledad Riego Veiga

Visto o escrito presentado por **María Soledad Riego Veiga**, de data 24/04/2026 (Rexistro de entrada nº 9.636), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A026004110001LZ, 15074A026011100001LT, 15074A026011110001LF.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 11/05/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600009636 do día 24 de abril de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunhas parcelas.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunhas parcelas indicando as súas referencias catastrais.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica as parcelas con referencias catastrais 15074A026004110001LZ, 15074A026011100001LT, 15074A026011110001LF, no seu plano 8.41. de Clasificación y Cualificación



do solo de núcleos rurais (Trasporto), a escala E:1/2.000 coma solo de núcleo rural pouco consolidado (SNR-C), artigo 135 do PXOM

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural pouco Consolidado, S.N.R.C., artigo 135 do PXOM:**

Comprende esta norma zonal aquelas áreas nas que existen indicios de residencia agraria e que co obxecto de que se integren no ámbito do núcleo rural existente, limítanse as súas posibilidades de desenvolvemento denso, podendo admitirse a súa edificación en baixa densidade de forma que non se poida xerar outro núcleo de poboación.

ÁMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración
- Ampliación
- Obra nova

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada. Manterase o tipo de edificación existente na contorna, non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 800 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, pero se permitirá computar aquelas partes da parcela que estivesen dentro de outro tipo de solo rústico. Non obstante a posición da edificación ficará enteiramente dentro da área desta norma zonal.

Fronte mínima: será de 10 m.

CONDICIÓN DA OCUPACIÓN

Posición: A posición da edificación ficará recuada.



Respecto aos lindeiros 3 metros, permitirase acaroar a lindeiros nos casos nos que exista edificación anterior á publicación desta normativa, ou ben, previo acordo cos colindantes esixindo documento que o acredite.

A aliñación serán as liñas de peche segundo a vía resultante de ordenación do sistema viario do termo municipal.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 25% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,35 m²/m².

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha, permitíndose a utilización do baixo cuberta, computando edificabilidade todos aqueles especiais de altura superior a 1,50 m. Permítese ademais a construción de planta soto.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros sobre o último forxado

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m.

No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m, debendo ser acristalados nun 80% da súa superficie.

Balcóns: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación a partir de 30 m². Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de cornisas e aleiros será de 0,3 metros.

Condicións ambientais e estéticas.

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboreadas.

Cerramentos exteriores e materiais.

A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico, sempre que estean pintados lacados ou coreados.



Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición das fachadas e ocos.

Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndanse que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural

A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo ficar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

Conservación das masas arbóreas

As edificacións da parcela tipo C, deberán conservar as masas arbóreas, permitíndose talar unicamente o espazo preciso para as edificacións de nova planta.

Aparcamentos

Exixírase a creación duna aparcamento, dentro do terreo da propia parcela, por cada vivenda, con acceso desde a vía rodada; podendo estar cuberto ou non.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

As parcelas encóntranse parcialmente afectadas pola área de afección dun elemento catalogado, polo que deberá contar con autorización do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

6. OBSERVACIÓNS

As parcelas contan con fronte a vía pública grafiada no PXOM e incluída no inventario de bens e dereitos do Concello de Ribeira co número 248.

27.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Miguel Ángel Vázquez Salgueiro

Visto o escrito presentado por **Miguel Ángel Vázquez Salgueiro**, de data 05/05/2026 (Rexistro de entrada nº 10.688), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0615210NH0101N0003JH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0615210NH0101N0003JH, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



28.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Inmohogar Julcar, S.L.

Visto o escrito presentado por Azucena Lorena Villameriel Retuerto en representación de **Inmohogar Julcar, S.L.**, de data 07/05/2026 (Rexistro de entrada nº 10.917), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0619409NH0101N0008XZ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 08/04/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0619409NH0101N0008XZ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

29.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Valentín Crego Franco

Visto o escrito presentado por **Valentín Crego Franco**, de data 11/05/2026, no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3543101NH0134S0001UH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 12/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3543101NH0134S0001UH, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

30.- APROBACIÓN DE CONVOCATORIA DA NOVA EDICIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE TEATRO (2026-2027)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/05/2026, relativa á aprobación de convocatoria da nova edición da Escola Infantil Municipal de Teatro (2026-2027), na que expón:

“A concellería de Cultura de Ribeira ten interese en continuar o vindeiro curso 2026-2027 coa Escola Municipal de Teatro na categoría infantil, dirixida a nenas e nenos de 7 a 12 anos de idade. Ademais, quérese impulsar tamén unha categoría xuvenil, dirixida a mozos e mozas de 13 a 17 anos, para dar continuidade á formación que dende hai anos veñen recibindo na escola de teatro infantil e para animar ao resto da mocidade a participar nestas propostas. No caso de non chegar ao mínimo de



participantes para formar un grupo xuvenil e sempre e cando quedasen vacantes na categoría infantil, podería admitirse alumnado de ata 15 anos no grupo infantil.

Esta actividade persegue, entre outros obxectivos, fomentar e potenciar a creatividade, favorecer a convivencia, a socialización e tamén estimular o interese pola nosa lingua e cultura, sendo unha oportunidade idónea para espertar nos máis cativos e a mocidade as súas aptitudes artísticas, creativas e sociais conseguindo coa educación teatral temperá maior capacidade de comunicación.

Co fin de poder abrir un **período de matrícula** para esta actividade, **proponse a aprobación dunha normativa de admisión así como do prezo público de matrícula** que deberán aboar os participantes – a través da modalidade de autoliquidación- unha vez confirmada a súa reserva de praza correspondente, no período que se estableza e achegando a documentación requirida.

- **Calendario da escola na categoría infantil:**
 - Data de inicio: Segunda quincena de setembro de 2026 (previsiblemente o 24/09/26)
 - Data de remate: Primeira semana de xuño de 2027
 - Lugar: Salón de Actos do Auditorio Municipal, agás o primeiro día que terá lugar na sala polivalente.
 - Horario: 18:30 a 20:00 horas; 1 día/semana (xoves)
 - Prazas: 20 participantes máximo. Mínimo 10.
 - Idades: Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 7 e 12 anos. Excepcionalmente, poderá admitirse alumnado de ata 15 anos, no caso de non formarse grupo xuvenil.
- **Calendario da escola na categoría xuvenil:**
 - Data de inicio: Segunda quincena de setembro de 2026 (previsiblemente o 22/09/26)
 - Data de remate: Primeira semana de xuño de 2027
 - Lugar: Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira
 - Horario: 19:00 a 20:30 horas; 1 día/semana (martes)
 - Prazas: 20 participantes máximo. Mínimo 10.
 - Idades: Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 13 e 17 anos.

➤ **Prezo:**

O prezo a abonar polos participantes en ambas as dúas categorías será o establecido conforme as ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PUBLICOS. C. Ordenanzas reguladoras de prezos públicos. C.2 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS. Escola Municipal de Teatro: a) Matrícula ordinaria: **127,92 €**.

Interesados en contribuír na diminución do esforzo que pode representar para familias incluídas dentro dos colectivos vulnerables e facilitar a participación nestas actividades, de conformidade a Disposición Adicional da antedita ordenanza “Autorízase á Xunta de Goberno Local a modificar a contía do prezo público, regulada no artigo 3º desta Ordenanza” **proponse a aplicación dunha bonificación/desconto do 20% sobre o importe de matrícula (resultando un prezo de 102,34€ para estes colectivos) aos fillos/as das familias que reúnan algunha das seguintes condicións ou circunstancias, e así o acrediten previamente mediante a aportación dos documentos pertinentes (non serán acumulativos no caso de darse máis dunha circunstancia):**

- Familias que teñan a condición de FAMILIA NUMEROSA (acreditado documentalmente co TÍTULO correspondente).
- Familias acolledoras ou monoparentais que o acrediten documentalmente co certificado oficial.
- Familias con dous ou máis inscritos/as nesta actividade: o desconto aplicaríase na matrícula do segundo fillo/a e sucesivos.
- Familias nas que, ao menos, un dos seus membros sexa DESEMPREGADO/A DE LONGA DURACIÓN (que teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 365 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos de idade,



debedo presentar vida laboral e/ou certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego).

- Familias nas que o propio participante acredite unha DISCAPACIDADE DE AO MENOS O 33% (acreditando tal condición co certificado de discapacidade).

➤ **Admisión de participantes con diversidade funcional:**

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.
- Presentar o certificado oficial de grao de discapacidade no momento da solicitude e que no mesmo non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

➤ **Prazos de presentación de solicitudes e admisión:**

Co interese en facilitar a inscrición nesta actividade para que as familias/participantes poidan organizar os seus horarios e necesidades en relación co resto de extraescolares e actividades de ocio e lecer, propónse a apertura do prazo de matriculación en dúas quendas, segundo o seguinte calendario:

- **RENOVACIÓN DE PRAZA (PARA OS ACTUAIS PARTICIPANTES NO GRUPO INFANTIL):**
Do 1 ao 15 de xuño de 2026. O alumnado de renovación deberá presentar a solicitude de matrícula neste período para ter garantida a praza, e realizar o pagamento do prezo público no mesmo período, do 1 ao 15 de xuño. En caso contrario, esas prazas liberaranse para o acceso de alumnado de nova inscrición.
- **ALUMNADO DE NOVA INSCRICIÓN (PARA PARTICIPAR NO GRUPO INFANTIL E GRUPO XUVENIL):** Deberán presentar a súa solicitude, do 16 de xuño ao 1 de xullo. As solicitudes atenderanse por orde de inscrición, segundo número de rexistro. Unha vez publicada a listaxe de admitidos/as deberán realizar o pago do prezo público do 7 ao 15 de xullo de 2026.

A listaxe de admisión publicarase o 6 de xullo.

Unha vez publicada a listaxe de admisión, no caso de non formarse grupo xuvenil, poderá admitirse de xeito excepcional alumnado de ata 15 anos no grupo infantil, sempre e cando existan vacantes neste grupo. Neste caso atenderanse por orde de inscrición.

As solicitudes presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira:

- De maneira presencial na Oficina de Atención Cidadá do Concello (atención ao público de 9:00 h. a 14:00 h.) presentando a ficha de inscrición cuberta e a copia do DNI do participante e do pai/nai/titor.
- De forma telemática (necesario certificado dixital) a través da web www.ribeira.gal: a partir das 9:00 h do día 9 de xuño para a renovación e do 19 de xuño para as novas inscricións. Deberase tramitar a solicitude de carácter xeral no apartado –SEDE ELECTRÓNICA- TRÁMITES DESTACADOS – SOLICITUDE XENÉRICA e xuntar a ese procedemento a ficha de inscrición cuberta, folia de autorización asinada así como copia do DNI do participante e do DNI do pai/nai/titor.



Documentación OBRIGATORIA necesaria para a realizar a solicitude:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta (Anexo I)
- DNI ou folha do libro de familia correspondente ao participante.
- DNI do pai/nai/titor responsable.
- Se ten dereito a bonificación do prezo da matrícula deberá presentar ademais copia da documentación acreditativa: título de familia numerosa, certificación de familia acolledora, certificación de discapacidade, certificación de monoparentalidade, acreditación de desemprego de longa duración, etc.

➤ **Forma de pago:**

Para realizar a autoliquidación deberase entrar na web municipal www.ribeira.gal, no apartado **SEDE ELECTRÓNICA-RECIBOS E IMPOSTOS- AUTOLIQUIDACIÓNS AVANZADAS**, e cubrir os datos que se requiren para o **“TRIBUTO: PREZO PÚBLICO ESCOLAS DE TEATRO E BALLET”** seleccionando os apartados **“TEATRO – MATRÍCULA ORDINARIA”**, bonificación SI ou NON. O pago poderá facerse directamente a través da opción **PAGAR ONLINE** ou **IMPRIMIR RECIBO** e facer o pago na sucursal bancaria ou no seu caixeiro. Unha vez realizado o pago deberase enviar copia do xustificante ao enderezo.culturaefestexos@ribeira.gal

Unha vez realizado o pago deberase enviar copia do xustificante ao enderezo.culturaefestexos@ribeira.gal no mesmo prazo do pagamento.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1. **Aprobar a convocatoria dunha nova edición da Escola Infantil Municipal de Teatro nas categorías infantil e xuvenil.**
2. **Aprobar os prazos de matrícula.**
3. **Aprobar a normativa de admisión e dos prezos públicos indicados.**

31.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/05/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitudes presentadas por Milagros Rey Pérez, en nome da Asociación Ambar, sede electrónica núm. 2025 26661 e 28035 de 5 e 21 de novembro de 2025 respectivamente, interesando celebrar a Gala “Mimarte Fest” en colaboración con Mimarte para o que solicita dispor do Auditorio Municipal de Ribeira o día 26 de xuño de 2026.

Actuacións de oficio:

Aos efectos de garantir o bo desenvolvemento do acto, debendo coordinar necesidades técnicas así como planificar tanto o servizo de conserxería como limpeza, foi requerido información do evento e necesidades de uso da propia instalación que é recibida ó 15 de abril de 2026 no enderezo de correo electrónico da área municipal de cultura.

Considerando que:

- a) O evento é organizado por unha asociación inscrita no Rexistro Municipal de entidades de Ribeira.
- b) Ofrece espectáculos protagonizados polo alumnado do Espazo Creativo e Artes Escénicas Mimarte que inclúe música, teatro e actuacións musicais solidarias.



c) Trátase dunha iniciativa social e de ocio.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

1. *Espazos públicos: Auditorio Municipal de Ribeira.
Venres 26 de xuño de 2026 en horario de 9.00 a 14.00 h/ 16.00 – 19.30 h (montaxe, probas técnicas e ensaios), 20 h celebración da gala ata remate e saída.*
2. *Outros: 60 cadeiras plegables, 2 mesas plegables auxiliares e augas.*
3. *Servizos técnicos, de bedelía e limpeza.*
4. *Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporais aos vehículos da organización.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Gala “Mimarte Fest” en colaboración con Mimarte a solcitude da Asociación Ambar organizadora do acto.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o venres 26 de xuño de 2026 en horario de 9.00 a 14.00 h/ 16.00 – 19.30 h (montaxe, probas técnicas e ensaios), 20 h celebración da gala ata remate e saída.
Outros: 60 cadeiras plegables, 2 mesas plegables auxiliares e augas según disponibilidad.
Servizos técnicos, de bedelía e limpeza.
Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporais aos vehículos da organización.
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNs DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solcitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.



9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
10. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

ANEXO I-

NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o aforo máximo da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).
- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Debéase seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.

32.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/05/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude presentada por Francisco José Muñiz Fontaiña, en nome da Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín, sede electrónica núm. 2026 10522 de data 05 de maio de 2026, interesando dispor do Centro Social e Cultural de Oleiros para realizar varias accións no seguinte calendario:



Ano 2026.

Sábado 16 de maio Obradoiro de baile (por estar ocupado a sala de baile do Conservatorio M. Música de Ribeira, no que realiza esta actividade ao longo do curso).
De 18.00 a 23.00 horas

Domingo 24 de maio Xuntanza de asociados do Taller Alecrín e Asociación Amas de Casa de Ribeira
Celebración do Día das Letras Galegas e condicionado ao mal tempo.
De 15.00 a 20.00 horas

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese cultural e social, promovido e organizado por unha entidade que carece de ánimo de lucro.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Previa consulta da axenda de reservas da instalación obxecto desta proposta, **emítese INFORME Favorable para celebrar as actividades anteditas."**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar o Uso Temporal do Centro Social Cultural de Oleiros á Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín no seguinte calendario:**

Sábado 16 de maio de 2026 de 18.00 a 23.00 horas
Acto: Obradoiro de baile

Domingo 24 de maio de 2026 de 15.00 a 20.00 horas
Acto: Xuntanza de asociados do Taller Alecrín e Asociación Amas de Casa de Ribeira
Celebración do Día das Letras Galegas (condicionado ao mal tempo).

Trasladar este acordo ao interesado xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNs DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.



6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
10. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

33.- DACIÓN DE CONTA DA CELEBRACIÓN DO PROBRAMA “MAIO CULTURAL 2026”

Dáse conta do escrito presentado pola Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 07/05/2026, relativa á celebración do programa “Maio Cultural 2026” en Ribeira, ao ser o mes das Letras Galegas, apostando por organizar unha completa programación con distintas actividades vencelladas á promoción da lingua galega e á difusión e posta en valor da nosa cultura, contando en moitas das propostas coa colaboración do tecido asociativo do municipio.

34.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS

VISTA a proposta presentada pola Alcaldía, de data 06/05/2026, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

VISTO que a finalidade do devandito convenio consiste na difusión da Obra de Manuel María e, en concreto na colaboración, no desenvolvemento da V Edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais en Galego, que ten por obxecto promover a representación da súa obra teatral entre o público galego.

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobado o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a colaboración do Concello de Ribeira na V Edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais en Galego.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



35.- APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DA XXVI MOSTRA DE TEATRO INFANTIL “DANIEL GÓMEZ RAMIL”

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 08/05/2026, relativa á aprobación da celebración da XXVI Mostra de Teatro Infantil “Daniel Gómez Ramil”, na que expón:

“A Concellería de Cultura ten interese en dar continuidade á programación da Mostra de Teatro Infantil “Daniel Gómez Ramil” e seguir apoiando a creación artística e teatral feita pola poboación infantil.

É por isto que neste 2026 alcanzaremos a vixésimo sexta edición deste programa, que contará coa participación dun total de sete grupos de teatro, procedentes tanto de centros de ensino do municipio, como da comarca e mesmo doutros lugares da provincia da Coruña, algunhas delas formacións xa consolidadas nesta mostra como son o grupo municipal infantil de Ribeira, o grupo de teatro do CEIP de Artes, o grupo Alondra de Palmeira, o grupo do Colexio Bayón ou os grupos de teatro das anpas Cadreche e Bandaseca da Pobra. Outras participan por primeira vez nesta programación, como é o caso do grupo Noitiña, pertencente á compañía Noite Bohemia da Coruña. Así pois nestes días polo escenario do auditorio municipal pasarán máis de 130 artistas.

Todos estes grupos amosarannos as súas montaxes: algunhas son versións e adaptacións de obras xa coñecidas pero outras son novas creacións escénicas froito da creatividade e orixinalidade dos directores e mesmo do alumnado.

As funcións serán todas elas ás sete e media da tarde e con entrada gratuíta, con apertura de portas media hora antes para todos aqueles que queiran asistir.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, **acorda**:

- **Aprobar a celebración dunha nova edición da Mostra de Teatro Infantil “Daniel Gómez Ramil”, do 1 ao 6 de xuño de 2026.**

36.- PROPOSTA DE ORDENACIÓN DE ESTACIONAMENTOS NA CONTORNA DO COLEXIO BAYÓN/GARDERÍA MUNICIPAL

Vista a proposta presentada pola **Policía Local**, de data 08/05/2026, relativa á ordenación de estacionamentos na contorna do Colexio Bayón/Gardería Municipal (Rúa 1 Cubeliño - Ribeira)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar a ordenación de estacionamentos na contorna do Colexio Bayón/Gardería Municipal (Rúa 1 Cubeliño -Ribeira), segundo o contido da citada proposta.
- Durante a execución da mesma deberán coordinarse co Colexio Bayón e coa Escola Infantil para non interrompirla o normal funcionamento/actividade dos mesmos



37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER DE PALMEIRA Á ASOCIACIÓN CULTURAL TALLER DE DANZA ALECRÍN, PARA A REALIZACIÓN DOUS OBRADOIROS DE BAILE

LOGO DE VER que D. Francisco José Muñiz Fontaíña, en representación da Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín, presenta escrito de data 13/04/2026, con número de rexistro de entrada municipal 8.556, solicitando:

"O POLIDEPORTIVO DE PALMEIRA COMO PRIMEIRA OPCÍO E O POLIDEPORTIVO DA FIEITEIRA, NO CASO DE ESTAR O DE PALMEIRA OCUPADO, O SÁBADO, 30 DE MAIO DE 2026 DE 16:00 A 23:00 HORAS PARA A PREPARACIÓN E REALIZACIÓN DE DOUS OBRADOIROS DE BAILE PARA ADULTOS: UN DE JAZZ PARA SINGLES E OUTRO SE SWING & LINDY-HOP PARA ADULTOS.

NOTA: INDA QUE SOMOS UNHA ASOCIACIÓN CULTURA ESTA PETICIÓN É PARA O SERVIZO DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBEIRA"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *"Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. O pavillón Alcalde Torres Colomer de Palmeira non ten actividade programada para as datas solicitadas.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 11-05-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 11-05-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer á Asociación Cultural Taller de Danza Alecrín, para a celebración de 2 obradoiros de baile para adultos, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **30 de maio de 16.00 a 23.00 horas**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se



regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE CORTA DE ÁRBORE LOCALIZADA DENTRO DA SÚA PROPIEDAD - ANA ISABEL GUDE VILA

ASUNTO:	COMUNICACIÓN DE CORTA DE ÁRBORE LOCALIZADA DENTRO DA SÚA PROPIEDAD
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	BREAS / SEGO / SAN XIÁN DE ARTES
REF. CATASTRAL:	15074A039011590001LT
EXPEDIENTE:	2026/TMA-000032
SOLICITANTE:	ANA ISABEL GUDE VILA (**560**)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO DE NÚCLEO RURAL

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por Ana Isabel Gude Vila (**560**), de data 6 de maio de 2026 (entrada núm. 10.730), mediante o que comunica a corta dunha árbore na súa finca, de RC 15074A039011590001LT, localizada no lugar de Segó, núm. 17C, Artes, Ribeira.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 11 de maio de 2026, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) *Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012.*”

3. RESOLUCIÓN



Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 11/05/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Autorizar a corta da árbore obxecto da solicitude, dentro da parcela de referencia catastral 15074A039011590001LT, nas condicións referidas no informe favorable emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente:

- *Deberán adoptarse as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e dos bens.*
- *Unha vez finalizados os traballos retiraranse ou trituranse todos os restos que afecten aos espazos públicos e ás propiedades lindeiras.*
- *Se como consecuencia da execución dos traballos de corta e saca resultase afectado algún camiño de titularidade pública ou servizo, deberá ser reparado ao finalizar as tarefas.*

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño** en representación establecemento “**Clandestino**” (Ribeira), de data 11/05/2026, no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Clandestino” (Ribeira), o día 15/05/2026, en horario de 22:30 h. a 00:30 h.

40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica

Visto o escrito presentado por María Esther Vidal Rodríguez en representación de **Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica**, de data 12/05/2026 (Rexistro de entrada nº11.279), no que solicita autorización para a instalación dun stand (1 m. x 1m.) na Rúa de Galicia, o día 18/05/2026 en horario de 10:00 h. a 14:00 h., para a celebración da actividade denominada “Galeguímetro”, en conmemoración do Día das Letras Galegas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación dun stand (1 m. x 1m.) na Rúa de Galicia, o día 18/05/2026 en horario de 10:00 h. a 14:00 h., para a celebración da actividade denominada “Galeguímetro”, en conmemoración do Día das Letras Galegas.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

